






DE PRIMEIRA(-S)

PROXECTO DOCUMENTAL 1º ESO
CURSO 2017/18
IES XOÁN MONTES (LUGO)



INTRODUCCIÓN

O día 8 de marzo de 2018 unha onda “revolucionaria” percorreu o planeta. Se revolución significa dar a volta ao establecido, xa ía sendo hora de que nos tocasse á metade da poboación mundial. Unha festa nas rúas, reivindicativa pero pacífica, de unión e identidade, sacou á luz, fixo visible, a fractura xenérica da nosa sociedade.

Este equipo da BE do IES Xoán Montes leva anos traballando co alumnado a prol do recoñecemento esquecido e escurecido do papel da Muller ao longo da Historia. Así o testemuñan proxectos anteriores como Toma Nota, Mulleres con valor, Bocas seladas, Mulleres simbólicas ou Mulleres tras as liñas.

Nestes proxectos anteriores aparecen mulleres relevantes en tódolos aspectos da vida, porén este ano decidimos buscar aquelas persoas que eran pioneiras na maioría dos ámbitos culturais e científicos. Ao profundar neste tema, démonos conta de que moitas delas eran mulleres que non adoitaban aparecer nos libros de texto, nin en documentais, películas... Increíble!

Partindo desta revelación, decidimos dar a coñecer só un centenar delas, pioneiras: CEN ANTES QUE NINGUÉN, é dicir, foron as primeiras, mesmo antes que ningún home.

O grupo de traballo valorou diversos aspectos á hora de abordar este tema:

- A escasa visibilidade que as mulleres teñen nos medios de comunicación e nos libros de texto.
- O descoñecemento por parte do noso alumnado dos méritos e fitos que conseguiron esas personalidades femininas.
- Os beneficios para o alumnado: búsqueda de información en distintos formatos, utilización das TICS, traballo en grupo, organización de materiais e tarefas...
- O impacto a curto prazo: a posibilidade de ser utilizado este traballo como un instrumento de profundización nun tema transversal como o da Educación para a Igualdade, ademais por suposto dos posibles estudos nos ámbitos histórico, científico, técnico e artístico.


Por todo isto, pensamos que sería un proxecto idóneo para o alumnado de 1º da ESO, pois as integrantes do Equipo da Biblioteca responden a esas áreas de investigación e, ao seren os benxamíns, debería fomentarse neles unha sensibilidade especial cara a Igualdade de Xénero, en especial ao papel da Muller como grande descoñecida nos logros da Humanidade a través da Historia.



CONTIDOS CURRICULARES

Este traballo permitiu desenvolver, ademais dos contidos propios da área de Lingua Galega, outros da área de Ciencias Sociais:

- Comprensión de textos, atendendo especialmente á consulta en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo estudos especializados.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida, así como elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.
- Utilización da biblioteca e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.
- Achegamento á ciencia, ás humanidades e aos grandes avances científicos a través das mulleres e a súa ollada particular.
- Utilización da lingua oral e escrita para tomar conciencia dos coñecementos, e ideas, ser quen de interiorizalas e expoñelas.





- Realización de tarefas en grupo cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas.
- Coñecemento e utilización, de forma crítica, das tecnoloxías da información e da comunicación como un medio para aumentar o coñecemento da realidade, pero tamén da investigación histórica.
- Valoración, sensibilidade e respecto polo papel das mulleres no avance da sociedade, da cultura e da ciencia.

OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O noso proxecto, DE PRIMEIRAS: CEN ANTES QUE NINGUÉN, pretende a través do estudo e investigación desvelar ao alumnado que moitas mulleres se anticiparon aos homes en grandes ámbitos do coñecemento.

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Dentro da materia de Tratamento da Investigación e Información, traballouse co alumnado de 1º da ESO

1º ESO A: 25

1º ESO B: 24

En relación ao profesorado, o Proxecto Interdisciplinar, tendo a Biblioteca do Centro como elemento coordinador, contou coa dirección de:

Anxos Vidal Suárez, coordinadora do Proxecto de Investigación e Tratamento da Información e profesora desta materia de libre configuración.

COMPETENCIAS, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN



	Estándares	Competencias clave	Instrumentos
LINGUA GALEGA	-Revisa e reescribe un texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. -Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. -Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. -Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. -Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. -Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CD CCEC CAA	Rúbrica Autoavaliación Coavaliación Produto final
CIENCIAS SOCIAIS	-Fomenta unha visión do papel da muller no mundo desde o punto de vista cultural -Descobre a través do estudo dos descubrimentos e inventos a grandes investigadoras da Historia. -Coñece as grandes innovacións froito do traballo das mulleres. -Investiga a procedencia xeográfica e social destas pioneiras. -Confecciona mapas co resultado desas investigacións. -Elabora biografías. -Recoñece as grandes barreiras que tiveron que superar as mulleres para chegar as mesmas cotas que os homes. -Potencia nos alumnos a toma de conciencia das tremendas dificultades que a muller tivo no acceso á universidade e á investigación científica. -Sensibiliza ao alumnado sobre a importancia do acceso á cultura como elemento de liberación da muller. -Conciencia ao alumnado da importancia das figuras femininas na literatura e na arte, e a súa condición de creadoras. -Estima a valentía das exploradoras ao arriscarse nun tempo de prohibicións para o seu sexo. -Valora os novos retos alcanzados actualmente pola muller. -Entende a necesidade de desvelar o papel feminino no avance da sociedade, da cultura e da ciencia. -Toma conciencia de que os coñecementos que se difunden están baseadas nunha cultura antropocéntrica.	CCL CD CMCCT CAA CCEC	Rúbrica Autoavaliación Coavaliación Produto final

COMPETENCIAS, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN



INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Utiliza a BE na procura de recursos informativos para os seus traballos
 Identifica os códigos da CDU
 Realiza procuras no catálogo por autoría, título ou materia
 Usa Internet de xeito autónomo para resolver as súas necesidades de información
 Emprega palabras clave e aplica estratéxicas eficaces na procura
 Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e privacidade
 Compara a información recollida en distintas fontes informativas da rede ou en outras orais ou impresas
 Identifica os obxectivos do Traballo de investigación e as súas fases
 Formula preguntas sobre o tema que se vai a investigar
 Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información
 Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden
 escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda da palabras, argumenta as súas opinións e respecta as dos demais.
 Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.
 Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo
 Elabora textos propios mediante un procesador de textos
 Realiza sinxelas presentacións para amosar os resultados da súa investigación e como apoio a súa exposición
 Incorpora imaxes ou vídeos aos seus traballos de investigación
 Cita con corrección os documentos de toda índole empregados
 Participa na exposición oral dos traballos elaborados
 Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alieo
 escoita con atención as prexentacións dos compañeiros/-as, e valora con argumentos o seu traballo
 Avalia, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación
 Identifica e valora as aprendizaxes realizadas

CCL
 CD
 CMCCT
 CAA
 CCEC
 CSIEE
 CSC
 CCEC

Rúbrica
 Autoavaliación
 Coavaliación
 Produto final

Proxecto

Accións



TEMPORALIZACIÓN:
1 SESIÓN SEMANAL

1º Trimestre

Educación documental

Equipo biblioteca

DESEÑO DO PROXECTO



Organización de una BE: CDU MEIGA

Internet: Búsqueda avanzada Licencias de uso

Internet segura Redes Sociais

Búsqueda de imágenes, vídeos e música. A propiedade intelectual



TEMPORALIZACIÓN:
1 SESIÓN SEMANAL

2º Trimestre

8 de marzo

EXPOSICIÓN

Infórmase do proxecto aos grupos

Detección de coñecementos previos

Infórmase dos obxectivos e do modo de avaliación

Formación de grupos Reparto de follos de traballo e de tarefas

Uso compartido do DRIVE



Revisión e mellora por parte do grupo traballo

REVISIÓN

Redacción individual

REVISIÓN

Búsqueda de información. Selección e arquivo das fontes



TEMPORALIZACIÓN:
1 SESIÓN SEMANAL

3º Trimestre

Elaboración dos produtos finais

REVISIÓN

Exposicións orais

Autoavaliación Coevaluación

DIFUSIÓN



ACCIÓNS: CALENDARIO, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO



Primeiro trimestre

Os futuros investigadores deben ter claros os pasos a seguir para afrontar o tema, teñen que ler, estudar, tomar notas, resumir, coñecer idiomas, manexar a internet.

O primeiro que han de coñecer é o espazo no que se van mover: a Biblioteca Escolar, na que van realizar o seu proxecto. A continuación, necesitan saber como localizar os documentos impresos ou dixitais ; para iso han de coñecer o código que lles axudará a non perderse :A CDU , a clasificación do documento e o uso do MEIGA.


Despois hai que enfrontarse ao ordenador -coa súa conexión a internet- e abrírlles toda unha serie opcións, pois cómpre saber que documentos “hei de usar, dado que todos non me van a servir”. O uso desta potente máquina non vai exento de dereitos e deberes que todo detective ha de coñecer: a fiabilidade das páxinas que se consultan, contrastando a información noutras; a mención das obras consultadas e o coñecemento dos dereitos de autor e das licenzas Creative Commons. Así coma o correcto uso das ferramentas colaborativas- DRIVE- e das redes sociais, respectando aos demais.

E xogamos, xogamos moito con eles: ao bingo da CDU e ao ZOOARTE, para que aprendan a facer procuras avanzadas no Google e descubran todas as ferramentas das que dispoñen.



Segundo trimestre

- Presentación do proxecto ao alumnado e proposta do tema.
- Detección de coñecementos previos
- Organización de grupos: Distribución do alumnado combinando as súas características, calidades e competencias coa finalidade de que todos os grupos fosen homoxéneos.
- Elección dun coordinador/a entre os membros do grupo.



ACCIÓNS: CALENDARIO, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

• Segundo trimestre

Reparto das distintas cuestións en que se subdivide o tema xeral:



1. Que mulleres descubriron ou inventaron algo antes que un home:
2. O grupo total de mulleres subdividiuse en catro grupos básicos :
 - Científicas
 - Humanistas
 - Inventoras
 - Exploradoras.

En cada subgrupo debían buscar:

- Datos biográficos básicos
- Impedimentos e dificultades no desenvolvemento do seu labor.
- Inventos, descubrimentos, logros acadados por elas.
- Premios e galardóns.
- Motivo da ausencia de recoñecemento.

Cada alumno/-a tivo que buscar estes datos de días mulleres para poder elaborar unha **Biografía** que tería que expoñer no terceiro trimestre. E, ademais, cada equipo debería elaborar unha biografía conxunta doutra muller.

Cos datos obtidos por cada equipo, fixemos unha exposición que viu a luz o 8 de marzo.



EXPOSICIÓN NO VESTÍBULO O DÍA 8 DE MARZO

ACCIÓNS: CALENDARIO, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO




• Terceiro trimestre

Os nosos alumnos buscaron e analizaron toda clase de información, que foi correctamente contrastada, ordenada, redactada e memorizada para ser exposta oralmente.

Para iso a cada grupo ensinóuselle unha ferramenta TIC, axeitada á información que quería explicar. Así:

- Presentación con EMAZE, para as científicas
- Vídeo con ANIMOTO, para as inventoras
- Infografías con PIKTOCHART, para as humanistas e algunhas biografías
- Imaxe interactiva con THINLINK, para as aventureiras
- O mapa que as recolle a todas, con GOOGLE MAPS
- Os xogos de Ponte a proba, con GENIALLY e EDUCAPLAY


Mentres uns estaban a elaborar os seus produtos finais, os outros comezaron a preparar as súas exposicións orais coas as pautas que lles dimos. Xa a finais de maio e xuño, procederon a levar a cabo as súas disertacións, co todo o nerviosismo e medo que para eles supón.





RECURSOS EMPREGADOS

Todos os materiais elaborados - a introdución, as follas de traballo, as pautas para facer unha exposición oral, o Test dos descubrimentos, a folla para a reflexión final ou as imaxes para poder levar a cabo a exposición en calquera Centro- están aloxadas e listas para descarga na páxina de **Fontes documentais**.

Asemade, todo o material consultado para levar a cabo o proxecto pode consultarse no **Pinterest** creado para tal efecto



AVALIACIÓN



Segundo se recomenda nas orientacións para a avaliación na etapa ESO, esta ha de ser “formativa e continua”, principios que facemos nosos agora e tivemos en consideración ao longo de todo o proceso valorativo.

Antes de iniciar o proxecto explicouse aos alumnos cales eran os aspectos aos que se concedería unha maior atención, que tarefas terían que realizar e cal sería a súa importancia para a nota final, buscando como obxectivo a auto e co-avaliación.

Agás excepcións, o alumnado valorou moi positivamente esta forma de aprendizaxe, que cualifican como moi interesante, diferente e orixinal. Tamén lles agradou o traballo en equipo; o que máis lles gustou é, sen dúbida, o uso constante de ordenadores e o feito de aprenderen o uso de novas ferramentas TIC, para eles/as descoñecidas, e por riba de todo, ver os seus traballos expostos no blog e na exposición do vestíbulo do noso centro.

Polo que respecta á coavaliación, tanto persoal como intergrupar, queremos destacar que a percepción que ten o profesorado sobre o traballo do alumnado correspóndese case ao 100% coa valoración que os rapaces teñen do seu propio esforzo e o do seu grupo. Pódense ver os resultados da coavaliación premendo [AQUÍ](#)



A nosa percepción , obviamente, difiere en determinados aspectos:

1. - A composición dalguns grupos non foi acertada, pois 5 alumnos non fixeron nada o que entorpeceu a marcha do equipo onde estaban.
2. A pesares da bibliografía que podían consultar, o primeiro que fixeron foi ir aos ordenadores, o que dificultou moito a procura da información que se lles pedía, por non falar dos problemas coa conexión a Internet, o que nos demorou moito.
3. Tiñan que buscar datos moi puntuais. Pois ben, decatámonos de que eles cren que “canto máis, mellor”, por non mencionar que falabamos de “PERSOA” nas procuras, non de “mulleres ou homes”, ou que non distinguen “país” de “cidade”, ou “ano” con “día, mes e ano”. É dicir, é coma sempre, problemas de comprensión lectora.
4. Copian sin entender e, polo tanto, non redactan, senón que “pegan” sin coherencia nin cohesión. Loxicamente, foi esta fase a que máis tempo e traballo nos ocupou, para a súa desesperación.
5. Estes últimos anos, casi a totalidade do alumnado tiña conta de correo. Pois ben, este curso, foi todo o contrario. Dado que non acadaron a idade para tenela, tivemos que traballar sobre papel, para despois pasar a información no DRIVE, aos poucos. Labor que nos levou tempo, porque escriben rápido no seu móbil, pero non no teclado, ese absoluto descoñecido.

RÚBRICA DE AVALIACIÓN

CRITERIOS		DESCRITORES		
	1	4	7	10
Suxeición as especificacións da tarefa	Non se entega ou non se axusta aos criterios	Cumpre só 4 dos 10 criterios da tarefa final	Cumpre 7 dos 10	Cumpre os 10
Traballo en clase e cumprimento dos prazos	Non se entrega ou se supera o prazo	Remátase o traballo a última hora e/ou non se aproveitaron as clases para facelo	Entrégase en prazo, aínda que non aproveitou todo o tempo dispoñible	Entrega o traballo a tempo, aproveitando as clases para facelo
Procura da información	A información non ten que ver co tema e non buscou alternativas	Atopa información pero non é capaz de seleccionar e sintetizar os datos	Atopa información e reeelabóraa	Atopa información, resume e aporta novos puntos de vista.
Contidos	Menos dun 40% da información é correcta	O 60 % é correcta	O 80 % é correcta	Toda a información é correcta
Organización e creatividade	O formato e a organización son confusos	Información organizada, mais o formato non é atractivo	Formato atractivo e información organizada	Información moi organizada e é moi atractivo o formato
Aspectos formais e gramaticais	Non se entrega o traballo	Presenta erros ortográficos, ou gramaticais. Non se axusta ao formato de texto proposto	Conta con poucos erros e o texto axústase ao solicitado	Demostra un bo uso da linguaxe. O texto pertence ao tipo de texto acordado.
Ferramentas TIC	Apréciase un certo desinterese por manexar de forma correcta as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final	Non manexa de forma demasiado adecuada as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final	Manexa de forma aceptable as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final	Manexa con soltura as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final
Biografías	Cometeu máis de catro erros á hora de completar os ocos correspondentes á biografía ou non as fixo	Cometeu tres ou catro erros á hora de completar os ocos correspondentes á biografía	Cometeu un ou dous erros á hora de completar os ocos correspondentes á biografía.	Completou correctamente os datos correspondentes á biografía do muller
Fontes	Non son documentadas	Só documéntase a orixe do 50% da información	Só documéntase a orixe do 70% da información	Rexistro coidadoso do 100 % da información
Traballo colaborativo	Non houbo traballo en grupo	Casi todo o grupo traballou, contribuíndo con algo	Todos os membros participaron con algo de traballo	O grupo traballou moi ben e o resultado é de calidade



No momento de desenvolver o traballo, a comunidade educativa do Centro amosouse desinteresada e pouco implicada. Ano tras ano, resulta claro que estamos lonxe de conseguir que o proxecto interdisciplinar implique ao profesorado das áreas científicas e tecnolóxicas. A colaboración, cando a hai, é a excepción que confirma a regra, finalmente o peso do traballo recaeu no Equipo da Biblioteca. Outro ano máis, polo tanto, atopámonos na disxuntiva da necesidade de innovar para implicar aos alumnos na aprendizaxe, por unha banda, e por outra, as reticencias do profesorado a abandonar as antigas prácticas docentes.

Polo que se refire ao persoal non docente, tivemos a colaboración activa dos conserxes do IES en todo aquilo necesario para levar a bo termo os traballos.

No tocante á difusión do noso proxecto decidiuse que, ademais da habitual exposición no vestíbulo do traballo realizado, sería interesante implicar a todo o alumnado da ESO. Con este obxectivo, elaborouse o **Test dos descubrimentos**, que foi realizado nas titorías. Tratábase de contestar a 20 preguntas en torno ao tema da nosa investigación, para valorar os coñecementos e a percepción que os adolescentes teñen sobre a importancia das mulleres en todos os ámbitos culturais e científicos ao longo da historia, e cales foron os seus descubrimentos, inventos ou logros. No momento de contestar, xa os alumnos recoñeceron que non tiñan nin idea ao respecto. Posteriormente e tras realizar a corrección dos erros na mesma exposición, púidose comprobar o defintorio da súa revelación, dado que case nunca se fala nas aulas sobre os fitos acadados polas mulleres.

O proxecto fíxose público nun blog propio, **DE PRIMEIRA (-S)** de maneira que tanto pais coma Persoal non Docente e alumnado do Centro tiveran acceso ao resultado final das investigacións.



“Con frecuencia fun cuestionada, especialmente por mulleres sobre como podería conciliar a vida familiar cunha carreira científica. Bo, non foi fácil.”

Marie Curie

EN LUGO A 8 DE XULLO DE 2018

A PROFESORA: ÁNGELES VIDAL SUÁREZ